



### BASES PARA A CONTRATACIÓN MENOR DA DINAMIZACIÓN EDUCATIVA DO PROGRAMA “CONCILIA VERÁN 2019”

#### 1. OBXECTO

É obxecto das presentes Bases a contratación da dinamización educativa, dirixido a nenos e nenas 6º de Educación Infantil e de 1º a 6º de Educación Primaria (cursos rematados), para implementar as actividades de conciliación da vida laboral e familiar do periodo vacacional de verán do ano 2019, a desenvolver en centros educativos públicos da cidade:

- CEIP “AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO”
- CEIP “A PONTE” con un grupo de NEE\*
- CEIP “O COUTO” Con un grupo de Educación Infantil\*\*
- CEIP “MESTRE VIDE”

**\*Precisarase un monitor/a titulado para atención a necesidades educativas especiais no CEIP “A PONTE”.**

**\*\* Precisarase un monitor/a titulado para atención a Educación Infantil no CEIP “COUTO”.**

#### 2.- PREZO

O prezo máximo para implementar ditas actividades será de 15.000 € máis 10 % de IVE (1.500 €). 16.500 € IVE incluído con cargo á partida 200.3230.22625 “Programa de actividades de verán” RC Nº 201900012527.

No caso de ofertar proxectos individuais para cada centro o prezo quedaría como sigue:

- CEIP “AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO” Os Rosais, con 50 alumnos/as de Primaria:

Xullo: 948'88 € de salario + 32'75 % de Seguridade Social (310'75€)= 1.258'88 € + 13% de beneficio industrial (163'65€)= 1.422'53 + 10% de IVE (142'25€) = 1.565'72€

Táboa resumo.

Nº alumn.	Nº monit.	Nº días laborais	Salario 1.565'72€/mes/mo nit.	Material (IVE incl.)	TOTAL
50 Primaria	2	22	3.131'44 €	550	3.681'44 €

- CEIP “A PONTE” con 50 alumnos/as de Primaria e 3 alumnos de NEE:

Xullo: 948'88 € de salario + 32'75 % de Seguridade Social (310'75€) + 13% de beneficio industrial (163'65€)= 1.422'53 + 10% de IVE (142'25€) = 1.565'72€

Táboa resumo:

Nº alumn.	Nº monit.	Nº días laborais	Salario 1.565'72€/mes/monit.	Material (IVE incl.)	TOTAL
50 Primaria	2	22	3.131'44€	550	3.681'44 €
3 nenos con NEE	1	22	1.565'72€	200	1.765'72 €
			TOTAL		5.447'16 €

- CEIP “O COUTO”:

Xullo: 948'88 € de salario + 32'75 % de Seguridade Social (310'75€) + 13% de beneficio industrial (163'65€)= 1.422'53 + 10% de IVE (142'25€) = 1.565'72€

Táboa resumo

Nº alumn.	Nº monit.	Nº días	Salario	Material	TOTAL
-----------	-----------	---------	---------	----------	-------



		laborais	1.565'72€/mes/mo nit.	(IVE incl.)	
25 Primaria	1	22	1.565'72€	250	1.815'72
20 Infantil	1	22	1.565'72€	300	1.865'72
					3.681'44 €

- CEIP "MESTRE VIDE":  
Xullo: 948'88 € de salario + 32'75 % de Seguridade Social (310'75€) + 13% de beneficio industrial (163'65€)= 1.422'53 + 10% de IVE (142'25€) = 1.565'72€

### Táboa resumo

Nº alumn.	Nº monit.	Nº días laborais	Salario 1.565'72€/mes/mo nit.	Material (IVE incl.)	TOTAL
50 Primaria	2	22	3.131'44 €	550	3.681'44 €

### 3.-TEMPORALIZACIÓN:

As actividades desenvolveranse:

- Durante o mes de xullo, de luns a venres en horario de 8 h. a 14:30 h.

### 4. PROPOÑENTES

Poderán presentar o proxecto de dinamización persoas físicas ou xurídicas, legalmente recoñecidas, que ostenten plena capacidade de obrar, capacitación técnica e habilitación profesional, e que non estean incursas nalguna causa de exclusión ou prohibición para contratar coas administracións públicas. E non teñan subscrito máis contratos menores, cualitativamente equivalentes, á data de sinatura do contrato, que individual, ou conxuntamente supere a cifra de 15.000 € que consta no art. 118.1 da Lei 9/2017.

Cada proponente pode presentar:

- Para os catro centros un ou varios proxectos globais, ou
- Individualmente para cada centro.

### 5. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

**Prazo** de presentación: Os proxectos deberán presentarse nos **10 días hábiles** seguintes ó da publicación na web [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal). As propostas presentadas fora do prazo establecido non se terán en conta polo órgano competente para a súa resolución. Concluído o prazo de presentación de solicitudes e se estas non reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria se requirirá ó interesado para que no prazo de 5 días hábiles emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos de acordo cos termos e efectos previstos no art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, transcorrido o cal sen haber atendido o requirimento terase por desistido da súa proposta, previa resolución declaratoria ditada para o efecto.

**Lugar** de presentación: No Rexistro Xeral do Concello de Ourense. Praza Maior, 1. 32.005 Ourense, ou en calquera das formas contempladas no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 6. DOCUMENTACIÓN

Os proxectos de dinamización educativa conterán a seguinte documentación:

- Copia do CIF ou NIF
- Declaración responsable de posuír todas as condicións necesarias para contratar coa administración pública e non estar incurso en prohibición de contratar así como o compromiso de posuír ou subscibir os pertinentes seguros antes do inicio da actividade.



- Curriculum.
- Acreditación da representación que se obteña en caso de entidades mercantís.
- Oferta económica.
- Proxecto/s de dinamización educativa, incluíndo:
  - **Título do proxecto**
  - **Obxectivos**
  - **Contidos temáticos**
  - **Contidos específicos para alumnado con necesidades educativas especiais ou de Educación Infantil**
  - **Metodoloxía de traballo**
  - **Actividades**
  - **Atención á diversidade.**
  - **Recursos humanos: Número e titulación.**

Todas as actividades que se desenvolvan estarán orientadas cara a consecución por parte das e dos menores participantes, de hábitos de vida saudables, a fomentar actitudes solidarias e de convivencia, a promover a igualdade de xénero e o respecto cara o medio ambiente.

A proposta seleccionada deberá aportar todos os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades (incluídas fotocopias, equipos de son, medios audiovisuais...).

A presentación de propostas de dinamización educativa conleva a aceptación destas condicións de contratación.

## **7. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A valoración das propostas corresponderá a unha Comisión integrada polo Xefe de Servizo de Educación e 2 Coordinadoras de Programas.

## **8. CRITERIOS SELECCIÓN**

A Comisión de selección avaliará os proxectos presentados de acordo cos seguintes criterios valorativos:

- Calidade do proxecto formativo e a súa aplicación didáctica (ata 30 puntos)
- Proposta que conteña actividades novidosas (20)
- Mellor relación calidade/prezo (30 puntos)
- Adecuación da actividade aos obxectivos (ata 20 puntos)

## **9. PUBLICACIÓN**

As condicións de contratación serán obxecto de publicación na páxina web do Concello de Ourense ([www.ourense.gal](http://www.ourense.gal))

Estarán dispoñibles na Concellería de Educación en formato papel.

## **10. SELECCIÓN**

A comisión de selección elaborará unha lista de ordenación decrecente dos proxectos presentados.

No caso de non ter demanda suficiente procederáse a anulación do programa “Concilia verán 2019”.

## **11. RESOLUCIÓN**

O procedemento resolverase mediante decreto da Concelleira delegada de Educación con base ao listado de valoracións efectuado pola Comisión de selección. Dita resolución notificarase ao seleccionado e inxerirase na páxina web do Concello de Ourense ([www.ourense.gal](http://www.ourense.gal)).

A selección implicará a posibilidade de realizar un contrato menor para a realización das actividades.



## **12. EXECUCIÓN PROXECTO**

A Concellería de Educación resérvase o dereito de anular a execución de actividades de dinamización por imposibilidade de prestación ou inexistencia dun mínimo de persoas matriculadas por centro, sen que dita cancelación de lugar a indemnización ou reclamación de ningún tipo.

Os proponentes encargados da execución das accións formativas estarán obrigados a cumprir coas disposicións legais vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, estar ao corrente das obrigas coa facenda pública e administración local.

O seleccionado deberá presentar antes do inicio da actividade as pólizas dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes

O persoal empregado na execución do proxecto formativo seleccionado vincularase exclusivamente co respectivo proponente, sen que exista vinculación laboral ou administrativa co Concello de Ourense, ademais de estar certificados polo Rexistro de Delincuentes Sexuais.

O proponente seleccionado comprométese a impartir a acción formativa de acordo ao proxecto presentado, así como a realizar control de asistencia do alumnado de conformidade coas directrices sinaladas pola Concellería de Educación.

Persoal da propia Concellería de Educación poderá realizar, cando o considere oportuno, o seguimento da actividade.

A adjudicataria entregará unha memoria final das actividades, a mais tardar nos 15 días seguintes ó remate das actividades. A citada memoria contemplará, cando menos, unha relación das actividades realizadas conforme ó proxecto, número de participantes, reportaxe fotográfica, ...

## **13. FORMA DE PAGAMENTO**

O pagamento realizarase unha vez rematado o programa de dinamización educativa "Concilia Verán 2019" coa presentación da factura, expedida na forma legalmente establecida e con clara especificación das unidades facturadas, recursos empregados, retencións fiscais e impostos aplicables ás actividades desenvolvidas.